

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

**C E R T I F I C A:**

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 9 de marzo de 2018, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: Aprobación das valoracións acadadas polas empresas licitadoras correspondentes os criterios de valoración non automática (sobre B) do procedemento aberto convocado para contratación da subministración, transporte e instalación de centros de compostaxe comunitarios na provincia de Pontevedra (Nº Expte.-2017047344).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes ao acto que o procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, transporte e instalación dos centros de compostaxe comunitarios na provincia de Pontevedra, apareceu licitado a través dun anuncio que se publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) número 247, de data 28 de decembro de 2017 e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra e na Plataforma de Contratación do Sector Público coa mesma data.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- Vermican Soluciones de Compostajes S.L. (CIF B-71066153).

A Mesa de Contratación, na reunión que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2018, procedeu á apertura do sobre “B”, documentación técnica, aportada polo único licitador admitido ó procedemento convocado para a contratación da subministración, transporte e instalación dos centros de compostaxe comunitarios na provincia de Pontevedra.

A Técnica do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, María Martínez Abraldes, con data 28 de febreiro de 2018, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polo único licitador admitido, figurando a empresa admitida co seguinte resultado:

Calidade da oferta técnica	PUNTOS	VERMICAN
<b>1.- Deseño, robustez e facilidade operativa das unidades modulares de compostaxe: Valorarase as características específicas de deseño das UMC en canto a robustez, forma e características de todos os seus elementos. Valorarase tamén o grado de facilidade da ensamblaxe destes elementos, así como a facilidade que permitan para executar as operacións de trasfegas do material entre as unidades durante o proceso de compostaxe.</b>	<b>30</b>	<b>26</b>



<ul style="list-style-type: none"> <li>Permeabilidade selectiva da tapa fronte a gases como o vapor de auga ou dióxido de carbono. Valorarase a capacidade que ten o material de permitir o paso do vapor de auga do interior da UMC ó exterior, así como do CO<sub>2</sub>.</li> </ul>	8	7
<ul style="list-style-type: none"> <li>Comodidade na montaxe, desmontaxe e ensamblaxe entre as UMC. Valorarase a facilidade e bo encaixe dos elementos en cada UMC e que os ensamblaxes entre as UMC sexa sinxelo e eficiente.</li> </ul>	7	6
<ul style="list-style-type: none"> <li>Ergonomía da tapa. Valorarase cá forma da tapa sexa tal que estando pechada non permita a acumulación de auga da choiva ou calquera outro líquido sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrentar pola acción da súa apertura.</li> </ul>	7	6
<ul style="list-style-type: none"> <li>Robustez da UMC. Valorarase a firmeza e resistencia mecánica das UMC.</li> </ul>	5	5
<ul style="list-style-type: none"> <li>Capacidade de autoventilación. Valorarase a posibilidade de convención natural facilitando modos de entrada de aire a través da estrutura das paredes da UMC.</li> </ul>	3	2
<b>2.- Factores ambientais. Uso de materias reciclados e ciclo de vida.</b>	<b>19</b>	<b>14</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Material utilizado na fabricación de tapas. Valorarase que as tapas das UMC estean fabricadas con material reciclado. Este material deberá estar debidamente acreditado e xustificado polo fabricante.</li> </ul>	8	5
<ul style="list-style-type: none"> <li>Material utilizado na fabricación das estruturas que soportan paredes e demais elementos das UMC. Valorarase que estas estruturas soporte sexan fabricadas con material reciclado. Este material deberá estar debidamente acreditado e xustificado polo fabricante.</li> </ul>	8	7
<ul style="list-style-type: none"> <li>Valorarase o protocolo de recollida e tratamento unha vez que as UMC pasen a ser un residuos.</li> </ul>	3	2
<b>TOTAL</b>	<b>49</b>	<b>40</b>

A vista do informe de valoración emitido pola Técnica do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, María Martínez Abraldes, con data 28 de febreiro de 2018, a Mesa de Contratación acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas pola única empresa admitida ó procedemento aberto convocado para contratación da subministración, transporte e instalación dos centros de compostaxe comunitarios na provincia de Pontevedra.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a nove de marzo de dous mil dezaoto.

